


## Infraestructura técnica e software libre no Proxecto Abalar



### I XORNADA DE COORDINADORES E COORDINADORAS DO PROXECTO ABALAR

#### Pablo Nimo Liboreiro

Asesor Abalar  
Xerencia de Proxectos de Educación  
Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais  
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de  
Galicia (AMTEGA)

#### Abstract:

En educación os usos tecnolóxicos non están dados; dependen, en parte da propia ferramenta tecnolóxica, pero sobre todo das concepcións educativas dos profesionais educativos e, por extensión, das prácticas educativas que deseñan en coherencia coas citadas concepcións.

Tendo en conta que o desenvolvemento do Proxecto Abalar condiciona de xeito inevitable a práctica educativa, é preciso que o seu deseño técnico se xustifique dende un punto de vista pedagóxico, no que a elección das ferramentas tecnolóxicas cobra gran importancia.

Para a realización do deseño técnico do proxecto tiveronse en conta dous principios básicos que se indican a continuación.

- Modelo tecnolóxico de uso baseado baseado en criterios de accesibilidade, adaptabilidade, durabilidade, interoperabilidade e reusabilidade
- Modelo tecnolóxico de soporte: O Proxecto Abalar dotou na súa primeira fase máis de 15.000 equipos entre ultraportátiles e portátil de profesor, superando actualmente os 40.000. O gran número de equipos que se poñen a disposición da comunidade educativa fai que sexa necesario desenvolver un novo modelo de soporte. Este modelo deberá (1) manter en correcto estado de funcionamento os equipos despregados, pero tamén (2) deberá dar resposta, a través das aplicacións instaladas nos equipos o nos servizos aloxados no servidor de centro, ás necesidades educativas da comunidade; necesidades en constante evolución.

Calquera destes dous principios xustifican a adopción de ferramentas baseadas en software libre.